

O Bosque dos Segredos.

Estaba nun bosque frío e tenebroso, as árbores sen follas parecían que ían caer. Soaban ruídos de pasos, o chan, cheo de formigas vermellas, aterrábame e no río de barro bañábanse ramas dos árbores, e polo que lembraba a miña misión, era encontrar o diamante máis brillante de todos, pero... estaba no Corazón Do Bosque, así chamábase o lugar máis escuro e tenebroso do mundo, eu non sabía para que era ese diamante. Empecei a busca, nesta vin un home con capucha, e con roupa rota de cor negro, a cabeza agachada, polo que non lle vía a cara, a min asustábame moito. Acércaseme rapidamente e preguntame :

-ves a por o diamante, verdade?.-dixo cunha voz grave e profunda.

-Sí, dicen mentiras me temblaba a voz

Contoume co diamante era o corazón da súa esposa, que morrera, e que non ía deixar que ningún se acercara, nin moito menos, tocalo. E de repente... desaparece. Eu pensaba que o do corazón da súa esposa, era unha broma, así que seguí a busca. Polo camiño encontrei outra vez ao home e seguía aconsellándome de que non fora, e de repente absorbeuno unha nave de cor vermello con pinchos. Aterrado, saín a fume de carozo dalo. Perdinme, no camiño encontrei un montón de cousas raras como por exemplo : un verme moi grande e peludo. Seguí camiñando sen control e... ¡¡atopei o diamante! era moi brillante e case se me chamuscan os ollos ao velo. Cando o toco sona o meu nome moi forte resoando todo o rato na miña cabeza e non para, era a miña profesora... idurmirame en pleno exame!.